

O Atlantic Pride confirma novos nomes neste 2024: Chanel, Luna Ki e Supremme de Luxe actuarán este verán na Coruña

Tres grandes divas da escena musical actual súmanse á quinta edición do festival coñecido como o 'Orgullo do Norte', que se celebrará do 7 ao 14 de xullo

Unha das actuacións máis esperadas do Atlantic Pride 2024 será a da drag Supremme de Luxe para abrir o festival, o domingo 7 de xullo, na Fundación Luis Seoane

Chanel presentará en directo, o sábado 13 de xullo, nos Xardíns de Méndez Núñez da cidade herculina, os temas do seu primeiro disco *¡Agua!*, que viu a luz o pasado mes de xaneiro, mentres que a explosión electrónica de Luna Ki poderase gozar o venres 12 de xullo no mesmo escenario, onde presentará o seu último EP *Generación de cristal*

No Atlantic Pride 2024 participarán, tamén, as figuras eurovisivas Nebulossa, Rosa López, Las Ketchup e Lucía Pérez, ademais de grandes nomes da escena emerxente galega como Mondra, Sila Lúa, O Rabelo e Nenaza, Catuxa Salom, Lontreira e Amoebo

O Atlantic Pride é un festival pioneiro, gratuito e inclusivo, impulsado pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO-, o Concello da Coruña e Turismo da Coruña, co patrocinio principal de Estrella Galicia, Xunta de Galicia e Globalgrafic



Chanel presentará o seu novo traballo *¡Agua!* na quinta edición do Atlantic Pride o 12 de xullo

A Coruña, 19 de marzo de 2024.- Tres grandes divas da escena musical actual veñen de confirmar a súa presenza na quinta edición do Atlantic Pride. Chanel, Luna Ki e Supremme de Luxe súmanse ao cartel do festival coñecido como o 'Orgullo do Norte', que encherá de música e cor a cidade da Coruña do 7 ao 14 de xullo de 2024. A cita anuncia así tres novos nomes, que viaxarán do pop á música disco, da electrónica á bachata, do eurodance ao trap-pop, entre moitos outros sons, a ritmo dos temas máis explosivos e marchosos, para non defraudar aos seus fans.

O Atlantic Pride 2024 acollerá a presentación en directo do primeiro traballo discográfico de Chanel Terrero, *¡Agua!*, que viu a luz o pasado mes de xaneiro. Na cita non faltará o seu temazo *SloMo*, que acadou o flamante terceiro posto no Festival de Eurovisión 2022 celebrado en Turín, ou *Clavaíto*, a sonada colaboración da artista xunto a Abraham Mateo estreada en 2023. Chanel actuará no Atlantic Pride da Coruña a velada do sábado 13 de xullo, nos Xardíns de Méndez Núñez.

Pola súa banda, Luna Ki chegará á Coruña para reinterpretar as bases do pop a través da fusión de sons como o new wave, o eurodance, o afrobeat ou o trap-pop, coa presentación no Atlantic Pride do seu novo EP *Generación de cristal*. O traballo é un retrato irónico e emocional da Xeración Z, no que Luna Ki reivindica a fragilidade como fortaleza e a hipersensibilidade como arma para expresar sentimentos reprimidos. A noite do venres 12 de xullo, tamén no escenario dos Xardíns de Méndez Núñez, a artista abordará, entre outros, temas tan comúns da Xeración Z como o poliamor, os impulsos autodestructivos, a construción do ego, o sexo...

Mentres, unha das encargadas de dar o pistoletazo da saída desta quinta edición do Atlantic Pride o domingo 7 de xullo será nada máis e nada menos que Supremme de Luxe. A celebrada drag, presentadora de *Drag Race España* e de *Drag Race España: All Stars*, encherá de descaro e diversión a Fundación Luis Seoane durante a xornada de inauguración do festival.

O Atlantic Pride é un festival pioneiro, gratuito e inclusivo, impulsado pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO-, o Concello da Coruña e Turismo da Coruña, co patrocinio principal de Estrella Galicia, Xunta de Galicia e Globalgrafic. No seu cartel, ademais destas tres grandes divas recién anunciadas, está tamén confirmada a presenza das estrelas eurovisivas Nebulossa, Rosa López, Las Ketchup e Lucía Pérez, ademais de figuras que pisan forte na nova escena galega, como Mondra, Sila Lúa, O Rabelo e Nenaza, Catuxa Salom, Lontreira e Amoebó. Moi pronto, o Atlantic Pride dará a coñecer o seu cartel completo con últimas confirmacións no seu programa previsto para este 2024.

O ORGULLO DO NORTE

A Coruña volverá ser a sede do Orgullo do Norte entre o 7 e o 14 de xullo para celebrar a quinta edición do Atlantic Pride. Neste 2024, o festival propón oito xornadas de música e celebración ao redor da diversidade sexo-afectiva e de identidade na que promete ser, novamente, nunha das citas imprescindibles do verán no noroeste peninsular, que moi pronto desvelará novos nomes e actividades. O Festival Atlantic Pride nace en 2019 coa vontade de situar á cidade herculina como a capital do bo ambiente e a celebración sen distincións nin barreiras e, en 2022, regresou á súa esencia con toda a forza, enchendo A Coruña e as súas rúas de música en directo durante oito días. En 2023, o Atlantic Pride logrou alcanzar máis de 100.000 espectadores, marca que a cita se propón bater este ano.

O Atlantic Pride nace na Coruña no ano 2019 como un festival pioneiro, gratuíto e inclusivo, destinado a reivindicar a liberdade afectiva, sexual e de identidade dende unha perspectiva lúdica e inclusiva. Está impulsado pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO- e o Concello da Coruña e Turismo da Coruña, e conta co patrocinio principal de Estrella Galicia, Xunta de Galicia e Globalgrafic. O proxecto, que trata de aglutinar a todas as capas da sociedade coruñesa dentro dunha contorna segura e amigable, desenvólvese en torno a varios días de concertos e actividades culturais, entre elas, o seu Certame de Literatura LGTBI+, coa fin de atraer ao público local e de fóra, como un referente cultural, turístico e social do noroeste.

SOBRE AS NOVAS ARTISTAS CONFIRMADAS

Chanel

Chanel Terrero naceu o 28 de xullo de 1991 en La Habana, se ben con catro anos a súa familia instalouse en Olesa de Montserrat (Barcelona). Durante a súa adolescencia formouse en ballet, canto, interpretación e ximnasia rítmica na Real Academia de Danza, da man de figuras como Gloria Gella ou Víctor Ullate. Pronto fíxose un nome no teatro, coa participación en populares e prestixiosos musicales como *El rey león* (2014), *Nine* (2015), *Mamma Mia* (2015 - 2017), *El guardaespaldas* (2019), *Flashdance* (2019-2020) ou *Fiebre Hamilton* (2020 - 2021).

A artista conta, por outra banda, cunha dilatada carreira na televisión e participou, tamén, en diferentes proxectos cinematográficos. Paralelamente, no ano 2010 foi unha das bailarinas que acompañaron a Shakira na súa actuación nos MTV Europe Music Awards. En 2014 participou no videoclip *Gigantes*, da eurovisiva Ruth Lorenzo. Entre 2015-2016 formou parte do equipo de bailaríns de *Tu cara me suena*.

En 2022, Chanel alzouse como gañadora da primeira edición do Benidorm Fest e con su tema *SloMo* representou a España no Festival de Eurovisión, onde cosechou unha exitosa medalla de bronce (a mellor marca de España no festival desde 1995). *SloMo* supuxo unha auténtica revolución nas listas musicais, sendo número un en España e todo un éxito en países como Grecia e Lituania, ademais de soar en Alemania, Croacia, Irlanda, Islandia, Países Baixos Portugal, el Reino Unido, Suecia e Suiza.

O seu esperado primeiro álbum de estudio, *¡Agua!*, composto por 12 pistas, viu a luz en xaneiro de 2024. Entre os seus temas non faltan a eurovisiva *SloMo*; unha das colaboracións máis soadas de 2023: *Clavaíto*, junto a Abraham Mateo; e varias cancións inéditas, como *Vuelta y vuelta* ou a esperada *House Party*. Se ben a meirande parte dos temas son explosivos e marchosos, Chanel tamén rescata o seu lado máis nostálxico coa bachata *Ahora que no te tengo*.

Luna Ki

Luna Ki é o nome do proxecto musical da artista cubana Luna Górriz (Barcelona, 1999), quen estase a posicionar como un de los valores de futuro da nova música urbana en España. O seu estilo único, cunha gran variedade de referentes, desde Riff Raf ou Ivy Queen ata Shakira, mistura xéneros tan dispares como o trap o o k-pop. O seu modo de reinventar os sons sumado a unha rechamante

imaxe, non deixa indiferente a ninguén, aportando un xiro que concede voz ás novas xeracións. O seu é un exercicio de rebeldía único, que sitúa á persoa no centro do discurso.

O seu primeiro sinxelo, *Septiembre*, foi toda unha declaración de intencións, e acadou en poucos meses máis de 5 millóns de reproducións, posicionándose entre os lanzamentos máis virais de Spotify desde o seu lanzamento.

Tras avanzar os sinxelos *Enero* e *Cuatro Bodas*, Luna Ki presenta agora *Generación de cristal*, un EP no que homenaxea á súa propia xeración a través de sete pistas musicais. Con Carlos Ares na produción executiva, *Generación de cristal* concíbese como unha explosión electrónica, unha reinterpretación das bases do pop a través da fusión de sons como o new wave, o eurodance, o afrobeat ou o trap-pop. A produción tamén a firman Raúl Santos (Supernova), Dj Glass (Sexo Electrónico), Chus Santana (Enero), Allnightproducer (Cuatro Bodas e Bizarre Fatalité), Milan Leon e Ricard Galusi (McQueen).

Un retrato irónico e emocional da Xeración Z, no que Luna Ki reivindica a fragilidade como fortaleza e a hipersensibilidade como unha arma para expresar sentimentos reprimidos. O traballo explora, entre outros, temas como o poliamor, os impulsos autodestructivos, a construción do ego, o sexo... A dualidade entre a tecnoloxía e a natureza está moi presente neste novo EP de Luna Ki. Riveragento (deseño), Sergi Padial (foto), MNLO (estilismo) e Luna crean un contraste poético onde o artificial e o real poden coexistir á perfección.

Supremme de Luxe

Supremme de Luxe é cantante e actriz, universalmente coñecida como presentadora de *Drag Race España* e de *Drag Race España: All Stars*. O seu nome rende homenaxe a Diana Ross & The Supremes. Non en balde, a música e os looks dos anos 60 e 70 foron sempre unha das súas grandes inspiracións.

Supremme de Luxe fixo a súa aparición na escena do cabaret a finais dos 90. Desde entón, viaxa cos seus shows por toda España e traballa en televisión, cine, teatro, radio e todo tipo de eventos. É unha das poucas artistas españolas que se presenta case a diario en diferentes salas da capital e pode presumir, ademais, de posuír unha consolidada carreira no mundo do teatro. Gran renovadora da escena drag madrileña, desde 2013 é presentadora do exitoso festival *¡Que trabaje Rita!*, festa que tivo edicións, tamén, en Barcelona, México e París. En paralelo, presenta espectáculos teatrais de maneira regular desde 2007.

En xuño de 2012 lanzou o seu primeiro álbum, *Ahora yo*, traballo ao que seguiron diferentes lanzamentos de sinxelos cos seus respectivos videoclips: en 2013 estrea *Miéntame* e, en 2014, *Perdiste ya el control*. En 2015 publicou *Basta ya*, mentres que, en 2016, viu a luz *Candy Shop and Gettin' High*; en 2017, *Ener-G*; e, en 2019, *Resurgiré*.



CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira | Tel. 620 113 155

Mail: luisa@theofficeco.es

DESCARGA PRESS KIT ATLANTIC PRIDE 2024

Cartel, notas de prensa, fotos, audios, vídeos e outros materiais informativos

<https://www.dropbox.com/scl/fo/r3xyojfbc4wgqe1xxk51q/h?rlkey=ejwtag0cvi5zige0s09vwitfj&dl=0>

MÁS INFORMACIÓN:

<https://atlanticpride.es/>